

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CAMBRE

Modificación do Regulamento orgánico de participación cidadá do Concello de Cambre

A Corporación municipal en pleno, en sesión ordinaria de data 27 de febreiro de 2014, aprobou, con carácter inicial, a modificación do artigo 33, artigo 34 letra j) e artigo 37 apartado 1 do Regulamento orgánico de participación cidadá do Concello de Cambre.

Exposto ao público durante trinta días, non se presentou ningunha reclamación ou suxestión, polo que, de conformidade co establecido no art. 49 c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, enténdese definitivamente aprobada a modificación.

A teor do previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, e artigo 196.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, publícase integramente o citado texto normativo, que entrará en vigor ao día seguinte ao da súa inserción no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985.

Por tratarse dunha disposición administrativa de carácter xeral, non procede recurso en vía administrativa, se ben poderá impugnarse directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación desta disposición no Boletín Oficial da Provincia, e deberá presentarse ante a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, isto de conformidade co previsto no artigo 10.1.b) da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Modificación do artigo 33, artigo 34 letra j) e artigo 37 apartado 1 do Regulamento orgánico de participación cidadá do Concello de Cambre, tal e como se transcriben a continuación:

“Artigo 33. Tipo de asociacións que poden inscribirse.

Todas as asociacións sen afán de lucro legalmente constituídas que teñan como obxecto a defensa, o fomento ou a mellora dos intereses xerais ou sectoriais da veciñanza do municipio, que o seu ámbito de actuación comprenda en todo caso o termo municipal ou parte deste e teñan nel a súa sede social, poden optar a ser inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais, sen que sexa requisito necesario que a totalidade dos seus socios estean empadroados no municipio de Cambre. Para poder acceder aos recursos municipais será preciso que as asociacións se inscriban formalmente no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais.”

“Artigo 34. Documentación a presentar no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais.

(...)

j) Certificación do/da secretario/a da entidade do número de socios inscritos no momento da solicitude, especificando número de empadroados no municipio.”

“Artigo 37. Funcionamento interno do Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais.

1. O Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais dependerá da concellería competente en materia de Cultura e os seus datos serán públicos, coas restricións que prevea a normativa vixente en cada momento; podendo realizar publicacións do directorio para unha maior divulgación e coñecemento social do tecido asociativo.

(...)”

Cambre, 21 de abril de 2014

O alcalde

Manuel Rivas Caridad